

## Confío en ti. Guíame!

Señor, Xesús, a parábola do bo pastor permítenos descubrir os teus sentimentos e actitudes para con todos os homes e mulleres da terra. Es o Bo Pastor que nos queres, coñécesnos e chámamos polo noso nome. Pacientemente e con amor, condúcesnos por camiños de vida eterna. Aliméntanos e protéxenos; preocupaste de todos e cada un.

Se un día afastámonos dos irmáns e de ti, búscanos para que non nos perdamos.

Si sígote e escóitote na oración, tamén eu serei capaz de recoñecer a túa voz no medio da loita de cada día.

Quérote seguir porque confío en ti. Non te canses nunca de min e guíame.

Grazas tamén por tantos pastores que nas nosas parroquias e colexios nos acompañan e guían. Nai do Bo Pastor. Roga por nós.



### A CRUZ DE FRANCISCO

O Espírito (pomba) regálanos os dons e carismas que nos complementan e unen. O rabaño é o pobo de Deus que segue a Cristo no seu camiñar. Cristo, o bo Pastor, que dá a vida e recolle a ovella extraviada.

EL SEÑOR ES MI PASTOR;  
NADA ME FALTA.  
EN VERDES PRADERAS  
ME HACE DESCANSAR,  
A LAS AGUAS TRANQUILAS  
ME CONDUCE,  
ME DA NUEVAS FUERZAS  
Y ME LLEVA POR CAMINOS RECTOS,

Aunque pase por el más oscuro de los valles,  
no temeré peligro alguno,  
porque tú, Señor, estás conmigo...

**Evanxeo**  
**22-abril-2018**  
**4º-PASCUA-B**



**O BO PASTOR dá a vida  
para unir as ovellas.**

# 4º Pascua 18

**FEITOS 4, 8-12: Non hai salvación en ningún outro.**

Naqueles días, cheo de Espírito Santo, Pedro díxolles: «Xefes do pobo e anciáns: Porque lle fixemos un favor a un enfermo, interrogádesnos hoxe para pescudar que poder curou ese home; quede ben claro a todos vós e a todo Israel que foi o Nome de Xesucristo o Nazareno, a quen vós crucificastes e a quen Deus resucitou de entre os mortos; por este Nome, preséntase este san ante vós. El é “a pedra que rexeitastes vós, os arquitectos, e que se converteu en pedra angular”; non hai salvación en ningún outro, pois baixo o ceo non se deu aos homes outro nome polo que debamos salvarnos». *Palabra do Señor.*

**SALMO 117: A pedra que rexeitaron os arquitectos é agora a pedra angular.**

**1ª XOÁN 2,1-5: El é vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro.**

**XOÁN 10, 11-18: O bo pastor dá a súa vida polas ovellas.**

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús:

**Xesús:** -«*Eu son o Bo Pastor. O bo pastor dá a súa vida polas ovellas; o asalariado, que non é pastor nin dono das ovellas, ve vir o lobo, abandona as ovellas e foxe; e o lobo rúbuaas e dispérsaas; e é que a un asalariado non lle importan as ovellas.*

*Eu son o Bo Pastor, que coñezo s miñas, e as miñas coñécenme, igual que o Pai me coñece e eu coñezo o Pai; eu dou a miña vida polas ovellas.*

*Teño, ademais, outras ovellas que non son deste curro; tamén a esas téñoas que traer, e escoitarán a miña voz, e haberá un só rabaño e un só Pastor.*

*Por isto ámame o Pai, porque eu entrego a miña vida para poder recuperala. Ninguén ma quita, senón que eu entrégoa libremente.*

*Teño poder para entregala e teño poder para recuperala: este mandato recibín do meu Pai».*

**Palabra do Señor.**

(Narrador-Xesús)



**O BO PASTOR dá a vida para unir as ovellas.**

## 1. VER: Os pastores dos nosos campos.

-Todos sabemos do labor dos pastores dos nosos campos. Dialogamos sobre o seu traballo de cada día, a onde levan a pastar as ovellas, como as conducen, de quen as defenden, ou que fan cando están doentes.

*Que fan os pastores?*

## 2. XULGAR: Xesús, O BO Pastor que dá a vida.

-Xesús fálalles do que é el: *“eu son o bo pastor... DOU A VIDA polas miñas ovellas... Eu coñezoas e elas coñécenme...”*.

### QUE NOS QUERE DICIR?

-O evanxeo dinos que **Xesús resucitado é o Bo Pastor**. Por que? Que fai falta para selo? Porque coñece ás ovellas e sabe o seu nome e a súa forma de ser. Porque **as quere** e as quere tanto que é capaz de **dar a vida** por elas. Porque **as alimenta** levándoas alí onde están os mellores pastos. Porque cura ás feridas. Porque **busca** ás que se perden.

-Xesús **vai diante** do rabaño marcando o camiño, guiando. Acompañaas para que non teñan medo ao pasar sitios perigosos senón que camiñen cheas de alegría e de amor ao seu lado pola vida. E unidas.

-**E quen son as ovellas?** Xesús é o bo pastor que nos alimenta, morre por nós, acompañaanos... e nós somos as súas ovellas, as ovellas que o seguen.

*Que che está dicindo Xesús? Que te pide hoxe no evanxeo?*

## 3. ACTUAR: Deixa que Xesús sexa o teu pastor.

-Agradece a Xesús que sexa o teu Pastor, que te coida, dá a vida por ti. Trata de segui-lo, déixalle acompañarte, acode a pedir-lle perdón.

-Recorda que temos unha Nai do Ceo, a Nai do Divino Pastor. E non te esquezas de tantos pastores e pastoras que te coidan cada día: a túa nai, catequistas, profesores, cuidadores... Agradecede hoxe ao voso párroco que sexa o voso pastor. Podemos debuxar un Bo Pastor de ovellas cos nosos nomes.

*Que imos facer?*